

Hai persoas con ánimo que procuran causas nobres polas que loitar. Situacións que nos parecen intolerábeis, inxustas, e que nos obrigan a implicarnos, a actuar para corrixilas. Quen procure causas así, hai moitas, unha é entre nós, na Galiza: a persecución que se lle segue a facer á lingua propia deste país.

Pois é unha mostra de verdadeira persecución a campaña que veñen facendo desde hai un tempo quen fala da "imposición do galego". É tan falso, unha mentira tan obscena, tan noxenta, que custa ter que pararse un a negar a evidencia: que é o castelán a única lingua que se impuxo aquí dunha forma programada a custa da lingua do país. Que son as persoas galegofalantes as que sempre tiveron problema para vivir na súa lingua, que aínda hoxe estamos nesa situación.

Por iso cómpre peitos bravos, persoas animosas e valentes que, cada un desde o seu lugar, se poñan a prol desa causa da lingua galega. Por que é inxusto como a tratan. Por xustiza.

Suso de Toro
Escritor

DO GALEGO